

COMO FACER O COMENTARIO LITERARIO DUN POEMA

Un comentario literario consiste en analizar a forma e o contido dun texto literario, así como relacionalo co seu contexto (autoría, movemento, época...). O obxectivo do comentario é entender e explicar o texto o mellor posible; polo tanto, o paso previo a calquera comentario é lermos o texto as veces que necesitemos para saber que debemos dicir sobre el. O tempo que dediquemos á lectura comprensiva do texto nunca é tempo perdido.

O comentario dun poema debe seguir, polo xeral, a seguinte estrutura:

CONTEXTO	En primeiro lugar debemos realizar a contextualización do poema. Isto implicar falarmos da súa autoría , da obra á que pertence o texto , o movemento literario en que se enmarca e máis algunhas pinceladas do contexto histórico . Lembra que un comentario non é unha pregunta-tema e que non debemos estendernos demasiado neste apartado, porque do contrario poderán penalizarnos pola extensión. Debemos saber escoller a información básica que mellor nos vaia axudar a explicar o poema.
TEMA	Unha vez contextualizado o texto, o primeiro que debemos facer é explicar de que trata, isto é, o tema . O tema debe explicarse nunha liña ou dúas, como moito, e debe seguir a estrutura de substantivo abstracto + modificadores (por exemplo: <i>A dor pola morte dun fillo</i> ou <i>A crítica á situación das mulleres</i>). De haberen outras ideas secundarias , tamén podemos apuntalas, e se o texto presenta un certo desenvolvemento narrativo, podemos desenvolver, de forma máis extensa, o argumento .
FORMA E ESTRUCTURA	Logo de analizarmos o contido, pasamos a falar da parte formal do poema. Neste punto analizaremos a métrica e o tipo de estrofa empregada para compoñelo. Amais, relacionándoo co tema e o argumento, faremos unha división en partes ou núcleos temáticos , que debemos xustificar brevemente.
ESTILO E RECURSOS	Neste apartado debemos afondar un pouco máis no texto, e combinar a análise temática coa formal. A análise do estilo e dos recursos debe levarnos a establecer a voz poética empregada ao longo do poema e a analizar os recursos literarios máis relevantes que atopemos. É importante, cando fagamos isto, pór en relación estes elementos coa intenciónalidade do autor ou autora , é dicir, por que usa e que quere transmitir con cada recurso; por exemplo, unha aliteración pode evocar unha sensación concreta, unha metáfora pode ter certo valor connotativo ou un hipérbato pode realizar unha función de focalización nun elemento concreto, adiantándoo na oración.
VALORACIÓN PERSOAL E CONCLUSIÓN	Para rematar, debemos concluír o texto recollendo o máis relevante, e aquí entra en xogo a nosa valoración persoal , que non é unha opinión sobre o texto, senón unha reflexión sobre que elementos son os máis destacables , ao noso parecer, de entre todos os demais, e que nos parece definidor do texto . Isto pode ser o tema, o tipo de estrofa empregada ou a natureza das imaxes, metáforas ou léxico que presenta.